

## 1º de primaria. Trabajo para os próximos días.

Estimadas familias do alumnado do 1º curso de educación primaria do CEIP Álvaro Cunqueiro Mora de Mondoñedo. Posto que nos atopamos nunha situación especial sen precedentes, como xa saben, as actividades lectivas do alumnado deberán ser nos seus fogares. A continuación lles detallo, de acordo ás instrucións da consellería de educación e ó centro, cal será o traballo que o alumnado poderá realizar durante os próximos días.

Tratarei na medida do posible, salvo novas indicacións, establecer día a día e seguindo o horario do alumnado o traballo en cada área de coñecemento. O centro educativo remitirá as familias a través da aplicación “WhatsApp” as propostas de cada mestre. Neste caso ditas propostas serán actividades de repaso e ampliación en imaxes, arquivos de “word” ou “pdf”, os cales poderán ser impresos ou consultados por móbil ou ordenador. Tamén poderán incluír algún enlace a páxinas web educativas.

De forma xeral debo aclarar que o alumnado non poderá avanzar materia nova en ningunha área nos libros de texto, iso si, poderá repasar ou ler todo o xa visto ata o momento.

Para o alumnado que teña algunhas actividades sen rematar, si que as poderá ir rematando de forma progresiva, do mesmo xeito que se estaba a facer con anterioridade a suspensión das clases presenciais. En cada unha das áreas o traballo en cada libro chegara ata as seguintes páxinas (que non se se deberán superar): matemáticas 113, lingua castellana 162, lingua 143, sociais 69 e naturais 68.

A lectura diaria e unha actividade moi recomendable, polo que o alumnado que teña acceso a material persoal de lectura poderá ler cada día libremente, ó igual que o faría se recollese un libro da biblioteca do centro.

As demais actividades diarias incluíranse nos seguintes arquivos.

Xa que durante os próximos días vai haber un cambio na vida diaria de moitas persoas de forma excepcional, quería agradecer de antemán o esforzo realizado por todos e todas vostedes. Ánimo para todos e un saúdo.